

O programa do congreso sobre Xulián Magariños xa está pechado

Emilio Forján

NEGREIRA

■ Os actos de celebración da homenaxe a Xulián Magariños Negreira xa están pechados. A súa semana grande terá lugar do 13 ao 18 de setembro, mentras que a finais deste mes de agosto remata o prazo para a presentación de traballos que opten ao Premio de Novela Curta que leva o seu nome, e dotado dunha cuantía de 1.500 euros achegados pola Fundación Feiraco.

Os relatos presentados deben ser inéditos e orixinais, escritos en lingua galega e sendo necesario enviar cinco copias ao Concello de Negreira. A decisión do xurado coñecerase nun acto público que se celebrará

no mes de decembro, no afán por lembrar a figura de Xulián Magariños e de contribuír ao fomento da creación literaria en Galicia e para o cal xa se recepcionaron unha ducia de traballos por escrito.

Todas as actividades enmarcadas no ano Magariños celébranse dende que o pasado 11 de marzo a corporación municipal, por unanimidade, acordase declarar oficialmente o 2004, Ano Xulián Magariños Negreira. Os actos centrais do Centenario terán lugar coincidindo coa data exacta do seu nacemento, o 17 do vindeiro mes.

Trátase da Semana Magariños, entre o 13 e o 18 de setembro que incluírá como acto central a celebración en Negreira dun

congreso os días 16 e 17 organizado pola Consellería de Cultura.

Catedráticos e profesores titulares das Universidades de Santiago e A Coruña tomarán parte neste congreso como o historiador, Ramón Villares; históricos do galeguismo como Avelino Pousa Antelo, Isaac Díaz Pardo ou Ramón Mariño Paz, Xosé María Dobarro, María Xosé Rodríguez Valcarce, Carmen Hermida, Damián Suárez, Alfonso Mato, David Otero e Esperanza Mariño.

A todos estes hai que engadirlle a representación local con Xosé Antonio Ponte Far, o catedrático Xosé Manteiga Pedrares e o comisario dos actos, X. Amancio Liñares Giraut.



Unha parcanta lembra os actos do centenario Xulián Magariños

FORXÁN